

REGULAMENTO CANAL DE DENUNCIAS

**Colexio de Educadoras e
Educadores Sociais de
Galicia**

Ceesg

Versión 1.0

Aprobado 26 de xaneiro de 2024

PREÁMBULO	3
ARTIGO 1: OBJETO.....	4
ARTIGO 2. OBRIGAS DO PERSOAL DO CEESG	4
ARTIGO 3. GARANTÍAS DO SISTEMA INTERNO DE COMUNICACIÓNSS DO CEESG	5
ARTIGO 4.- PRINCIPIOS BÁSICOS	5
ARTIGO 5.- ÁMBITO OBXECTIVO DE APLICACIÓN: INFRACCIÓN DENUNCIABLES.....	7
ARTIGO 6.- ÁMBITO SUBXECTIVO.....	8
ARTIGO 7. PERSONAS INFORMANTES	9
ARTIGO 8. PERSOAS DENUNCIADAS.....	11
ARTIGO 9.- ÓRGANO RESPONSABLE DO CANAL DE DENUNCIAS.....	12
ARTIGO 10.- PERSOA XESTORA DO CANAL DE DENUNCIAS.....	12
ARTIGO 11.- PERSOA INSTRUCTORA.....	13
ARTIGO 12.- COMISIÓN DE ÉTICA DO CEESG	13
ARTIGO 13. INIBICIÓN, ABSTENCIÓN Y RECUSACIÓN	14
ARTIGO 14.- MEDIOS PARA A REALIZACIÓN DAS COMUNICACIÓNSS	15
ARTIGO 15.- MODO DE PRESENTACIÓN DE COMUNICACIÓNSS	16
ARTIGO 16.- CONTIDO DA DENUNCIA	16
ARTIGO 17.- REXISTRO DAS COMUNICACIÓNSS	17
ARTIGO 18.- COMPROBACIÓN DA COMUNICACIÓN	18
ARTIGO 19.- PROCESO DE INVESTIGACIÓN: FASE DE INSTRUCCIÓN.....	19
ARTIGO 20.- FASE DE INSTRUCCIÓN: TRÁMITE DE AUDIENCIA	21
ARTIGO 21.- FASE DE INSTRUCCIÓN: EMISIÓN DE INFORME	21
ARTIGO 22.- FINALIZACIÓN DO PROCEDEMENTO	22
ARTIGO 23.- PRAZO PARA A FINALIZACIÓN DA INSTRUCCIÓN E EMISIÓN DA DECISIÓN FINAL	23
ARTIGO 24.- OBRIGAS DO CEESG EN RELACIÓN AO SISTEMA INTERNO DE COMUNICACIÓNSS	23
ARTIGO 25.- TRATAMENTO DE DATOS PERSONALES	24
ARTIGO 26. TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS NO SISTEMA INTERNO DE COMUNICACIÓNSS	25
DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.....	27
DISPOSICIÓN FINAL.....	27

PREÁMBULO

O presente documento ten por obxecto o cumprimento do previsto na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción que incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva (UE) 2019/1937, do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión (DOUE do 26 de novembro do 2019).

Por medio do presente documento regúlanse o Canal Interno de Comunicacións que o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (en diante, Ceesg) está a obrigado a instaurar coa finalidade de permitir que todas as persoas físicas previstas no artigo 7 do presente regulamento poidan por en coñecemento supostos feitos que puideran ser constitutivos de algunha das infraccións previstas no artigo 5.

En particular regúlase a instauración e funcionamento do Canal de Denuncias que permite o seguimento, detección e/ ou corrección de malas prácticas que do persoal (laboral ou mercantil) do Ceesg incluídas dentro do seu ámbito de aplicación.

O regulamento do Sistema Interno de Comunicacións previsto nos seguintes artigos permitirá a calquera persoas que se relacione co Ceesg denunciar as condutas previstas no artigo 5 do presente regulamento.

Asemade, a existencia do Sistema Interno de Comunicacións non impide a presentación de denuncias por outras canles externas, tanto de ámbito estatal como autonómico, existentes ou que poidan crearse polas Administracións competentes de conformidade co previsto na Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informes sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

ARTIGO 1: OBXECTO

1. O presente Regulamento ten por obxecto regular e dotar de contido ao Sistema Interno de Comunicacións do Ceesg, establecendo o procedemento de comunicación de calquera comportamento irregular, ilícito ou delictivo acaecido no seno do Ceesg; a creación de protocolos de tramitación das denuncias recibidas a través do mesmo, incluíndo as pautas de actuación que se seguiran polo Ceesg dende o momento no que o Órgano Responsable do Canal de Denuncias reciba a denuncia, e ata a que se emita resolución, previa tramitación e instrución de conformidade co previsto na normativa aplicable e no presente regulamento.
2. É obxectivo do presente regulamento, asemade, prever e protexer os dereitos e garantías de todos os suxeitos que interveñan no proceso de denuncia e posterior investigación.
3. O Sistema Interno de Comunicacións, e en concreto, o Canal de Denuncias, foi creado en virtude do previsto na Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

ARTIGO 2. OBRIGAS DO PERSOAL DO CEESG

Todas as persoas que pertencen ao Ceesg teñen o dereito e a obriga de informar sobre comportamentos individuais, colectivos, ou actividades que ocorran no contexto das súas actividades no Ceesg e que poidan supor unha contravención do presente Regulamento, dos códigos de boas conductas e praxe do Ceesg, así como da normativa legal vinculante, con independencia de si tales comportamentos foron ordenados ou solicitados por un superior.

ARTIGO 3. GARANTÍAS DO SISTEMA INTERNO DE COMUNICACIÓNSS DO CEESG

1. O Sistema Interno de Comunicacións, así como o Canal de Denuncias , implantado no Ceesg asegura plenamente a independencia, confidencialidade, protección de datos e o segredo das comunicacións.
2. O Ceesg actuará en relación cos datos recollidos a través do Sistema Interno de Comunicaciónss como Responsable do Tratamento, de conformidade co previsto no Título IV da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción así como de acordo co previsto na Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter persoal e Garante dos Dereitos Dixitais.

ARTIGO 4.- PRINCIPIOS BÁSICOS

1. O Sistema Interno de Comunicaciónss, e o Canal de Denuncias, habilitado polo Ceesg rexeráse no seu funcionamento polos seguintes principios:
 - a. **Transparencia e accesibilidade:** O Canal de Denuncias será público a través da páxina web do Ceesg e de fácil acceso a través dun formulario online na mesma. Asemade, as persoas que desexen presentar unha denuncia poderán facelo por calquera dos medios integrantes do Sistema Interno de Comunicaciónss do Ceesg.
 - b. **Confidencialidade:** Garantirase a confidencialidade, en todo o proceso, da identidade da persoa informante que faga uso do Canal de Denuncias, ou de calquera dos medios integrantes do Sistema Interno de Comunicaciónss do Ceesg, sobre o contido das súas comunicacións e, no seu caso, sobre as súas comparecencias, tanto orais como escritas.
 - c. **Boa fe:** As comunicacións realizadas por medio do Sistema Interno de Comunicacións así como as realizadas a través do Canal de Denuncias do Ceesg deberán realizarse con convicción en canto a veracidade ou exactitude das conductas descritas.

- d. **Obxectividade e imparcialidade:** A totalidade de comunicacións recibidas polo Ceesg a través do Sistema Interno de Comunicacións, serán tramitadas e xestionadas seguindo os mesmos criterios, con independencia tanto de quen sexa a persoa informante como de quen sexa a persoa denunciada. Non se establecerá ningún tipo de diferenza ou privilexio por razón das circunstancias que concorran ou a situación do organigrama xerárquico e funcional do Ceesg.
2. Ademais, o Ceesg comprométese, en relación ao funcionamento do Sistema Interno de Comunicacións e do Canal de Denuncias, a respectar e cumprir o seguinte:
- a. Permitir a realización de comunicacións de maneira nominativa ou anónima.
 - b. Non tomar ningún tipo de represalia contra as persoas informantes que realicen comunicacións, chegando a adoptar as medidas que sexan necesarias para protexer aos informantes, en caso de ser necesario.
 - c. Informar a todas as persoas empregadas sobre a existencia do Sistema Interno de Comunicacións e do Canal de Denuncias ; así como informar todas as persoas empregadas sobre o funcionamento dos mesmos.
 - d. Garantir o coñecemento por parte da persoa denunciada da existencia dos feitos descritos polo informante, así como que a persoa denunciada disporá de todos os mecanismos para a súa defensa.
 - e. Avaliar de maneira permanente o funcionamento do Sistema Interno de Comunicacións e do Canal de Denuncias para detectar posibles deficiencias e por solución as mesmas.

ARTIGO 5.- ÁMBITO OBXECTIVO DE APLICACIÓN: INFRACCIÓNS DENUNCIABLES

1. De conformidade co previsto no artigo 2.1 da Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción son infraccións denunciáveis:

a. Infraccións que entren dentro do ámbito de aplicación dos actos da Unión relativos as seguintes materias:

I. Contratación pública, coa finalidade de previr e evitar a corrupción.

II. Servizos financeiros, prevención de branqueo de capitais e financiación do terrorismo.

III. Seguridade e conformidade dos produtos, en relación coas empresas que operan na cadea de fabricación e distribución.

IV. Seguridade do transporte.

V. Protección do medio ambiente.

VI. Seguridade dos alimentos e pensos, sanidade animal e benestar dos animais.

VII. Saúde Pública.

VIII. Protección dos consumidores.

IX. Protección da privacidade e dos datos persoais, e seguridade das redes e dos sistemas de información.

b. Infraccións que afecten aos intereses financeiros da Unión relacionados co fraude, a loita contra a corrupción e calquera outra actividade ilegal que atinxa aos fondos da Unión indicada no artigo 325 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, tal e como se concretan nas correspondentes medidas da Unión.

- c. Infraccións relativas ao mercado interior a que se refire o artigo 26.2 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, incluídas as infraccións das normas da Unión en materia de competencia e axudas outorgadas polos Estados, así como os actos que infrinxan as normas do imposto sobre sociedades ou prácticas cuxa finalidade sexa obter unha vantaxe fiscal que desvirtúe o obxecto ou a finalidade da lexislación aplicable ao imposto sobre Sociedades.
 - d. Accións ou omisións que poidan ser constitutivas de infracción penal ou administrativa grave ou moi grave. En todo caso, entenderanse comprendidas todas aquelas infraccións penais ou administrativas graves ou moi graves que supoñan quebranto económico para a Facenda Pública e para a Seguridade Social.
2. As referidas accións ou condutas deben ser atribuíbles a calquera persoa, empresa ou entidade vinculada ao Ceesg.
3. Soamente serán admitidas, a través do Sistema Interno de Comunicacións do Ceesg, aquelas comunicacións que versen sobre feitos enmarcados no ámbito de aplicación obxectivo fixado no presente artigo. Procederase ao rexeitamento automático; á derivación da denuncia ao departamento, órgano ou comisión competente e/ou a destrución sen necesidade de trámite algún de todas aquelas comunicacións que se atopen fora do ámbito de aplicación obxectivo.

ARTIGO 6.- ÁMBITO SUBXECTIVO

O presente regulamento aplicarase ás seguintes persoas:

- a. Informantes.
- b. Persoas Denunciadas.
- c. Terceiras que poidan participar no proceso (testemuñas, asesores...).
- d. Integrantes do Órgano Responsable do Canal de Denuncias.

- e. Así como ás persoas encargadas da xestión e resolución das denuncias presentadas.

ARTIGO 7. PERSONAS INFORMANTES

1. Son consideradas persoas informantes as persoas físicas que traballen no sector privado ou público e que obtiveran información sobre infraccións nun contexto laboral ou profesional, comprendendo en todo caso:

- a. As persoas que teñan a condición de empregados públicos ou traballadores por conta allea no Ceesg
- b. As persoas no réxime de autónomos.
- c. As persoas accionistas, partícipes ou pertencentes ao órgano de administración, dirección ou supervisión dunha entidade, incluídos os membros non executivos.
- d. Calquera persoa que traballe para ou baixo a supervisión e dirección de contratistas, subcontratistas e provedores do Ceesg
- e. Tamén son consideradas persoas informantes as persoas físicas que comuniquen ou revelen información sobre infraccións obtida no marco dunha relación laboral ou estatutaria xa finalizada, voluntarias, becarias, persoas traballadoras en períodos de formación con independencia de que perciban ou non unha remuneración, así como aquelas cuxa relación laboral aínda non comezara, nos casos nos que a información sobre infraccións a obtiveran no proceso de selección ou de negociación precontractual.

2. Son dereitos das persoas informantes:

- a. Decidir si formulan a comunicación de maneira anónima ou nominativa.

- b. Á confidencialidade: en aqueles supostos nos que as persoas informantes presenten a comunicación facendo constar a súa identidade, o Órgano Responsable do Canal de Denuncias e, en concreto, a persoa Xestora do Canal de Denuncias do Ceesg, garantirán a reserva da identidade da persoa informante na totalidade de trámites de xestión, investigación e resolución da denuncia.
- c. Formular a comunicación verbalmente ou por escrito, por calquera dos medios habilitados para tal finalidade polo Ceesg.
- d. Indicar (ou non) un domicilio, correo electrónico ou lugar seguro no que recibir as notificacións e comunicacións relativas ao proceso de investigación e resolución da denuncia presentada.
- e. Renunciar a recibir comunicacións relativas ao proceso de investigación e resolución da comunicación presentada.
- f. Comparecer, se é o seu parecer, ante o Órgano Responsable do Canal de Denuncias do Ceesg por iniciativa propia ou cando sexa requirido, sendo asistido no seu caso, si o considera oportuno, por avogado.
- g. Solicitar ao Órgano Responsable do Canal de Denuncias que a comparecencia sexa realizada por videoconferencia ou calquera outra canle telemática segura que garanta a identidade da persoa informante, así como a seguridade e fidelidade da comunicación.
- h. Coñecer o estado de tramitación da súa denuncia e dos resultados da investigación desta.
- i. Exercer os dereitos que lle confire a lexislación de protección de datos de carácter persoal.
- j. A que a súa identidade non sexa revelada a terceiras persoas.
- k. A non recibir represalias, incluídas as ameazas de represalia e as tentativas de represalia nos termos previstos no artigo 36 da Lei 2/2023,

de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

- l. A recibir medidas de apoio nos termos previstos no artigo 37 da Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.
- m. Dereito a por en coñecemento das autoridades competentes e, no seu caso, ante as institucións, órganos ou organismos os feitos da súa denuncia.

ARTIGO 8. PERSOAS DENUNCIADAS

- 1. Pode adquirir a condición de persoa denunciada todas aquelas persoas que estean suxeitas ou vinculadas ao Ceesg sobre a base dunha relación laboral ou mercantil, e que actúen por conta e beneficio desta, que puideran cometer algunha irregularidade ou conducta das previstas no ámbito obxectivo previstas no artigo 5 do presente Regulamento.
- 2. Son dereitos das persoas denunciadas:
 - a. Ser informadas da existencia dunha denuncia que lles afecta e a ser informadas dos feitos que se relatan de maneira sucinta.
 - b. Presentar alegacións por escrito.
 - c. Manter unha reunión presencial coa persoa instrutora na que ser escoitada e poder expor a súa versión dos feitos.
 - d. A aportar todos os medios de proba que considere adecuados.
 - e. Ao acceso ao expediente debidamente anonimizado.
 - f. Á presunción de inocencia e a recibir comunicacións do Órgano Responsable do Canal de Denuncias relativas á tramitación e resolución de cada unha das fases.

ARTIGO 9.- ÓRGANO RESPONSABLE DO CANAL DE DENUNCIAS

1. O Responsable do Canal de Denuncias será un órgano colexiado nomeado polo Ceesg. Estará conformado pola persoa xestora do Canal de Denuncias e pola Comisión de Ética do Ceesg, conformada por 4 persoas, entre as cales se nomeará á persoa instrutora, segundo o previsto no seu regulamento de funcionamento.
2. No suposto de conflito de intereses, inhibición, abstención ou recusación de calquera destas persoas, poderase nomear suplentes para que o número de persoas competentes para a resolución, no seu caso, do expediente, sexa impar.

ARTIGO 10.- PERSOA XESTORA DO CANAL DE DENUNCIAS

Son responsabilidades da persoa xestora do Canal de Denuncias as seguintes:

- a. Recepción e rexistro da totalidade de comunicacións recibidas por medio do Sistema Interno de Comunicacións do Ceesg.
- b. Análise preliminar sobre os feitos denunciados e do material probatorio adxunto.
- c. Decidir sobre a apertura ou non da fase de instrución, xustificando en calquera dos casos a súa decisión e deixando constancia da mesma.
- d. Emitir, de consideralo, recomendacións de mellora dos códigos de conducta e do presente regulamento.
- e. Asumir a custodia de todas e cada unha das evidencias que soporten as actuacións levadas a cabo, durante o tempo imprescindible para decidir sobre a procedencia de iniciar unha investigación sobre os feitos denunciados e, en calquera caso, polo tempo máximo de acordo ao previsto na lexislación vixente en materia de Protección de Datos de carácter persoal.

- f. A persoa xestora do Canal de Denuncias de denuncias non poderá estar presente na deliberación, de existir, da Comisión de Ética.

ARTIGO 11.- PERSOA INSTRUCTORA

1. Acordada, por parte da persoa xestora do Canal de Denuncias do Ceesg, a apertura da fase de instrución, a persoa xestora do Canal de Denuncias nomeará á persoa instrutora seguindo o procedemento establecido no regulamento de funcionamento do Órgano Responsable do Canal de Denuncias , dándolle traslado do expediente completo.
2. A persoa instrutora actuará con plena autonomía e independencia de calquera órgano do Ceesg, incluída a Comisión de Ética e os órganos directivos.
3. O Ceesg poñerá a súa disposición cantos recursos requira para o desempeño da súa labor.
4. A persoa instrutora levará a cabo todas as accións que considere oportunas e pertinentes para o esclarecemento dos feitos, deixando constancia destas, e finalizará as súas labores coa emisión dun informe proposta de finalización.
5. Emitido polo persoa instrutora o informe proposta de finalización este, xunto con toda a documentación do expediente, será remitido á Comisión de Ética do Ceesg aos efectos de que os seus integrantes (con exclusión do nomeado como persoa instrutora) en reunión e de forma colexiada adopte a decisión que corresponda sobre a resolución final do procedemento.

ARTIGO 12.- COMISIÓN DE ÉTICA DO CEESG

1. Estará conformada por catro membros debidamente designados previa aceptación do seu cargo.
2. A súa identidade será pública en todo momento.
3. Na deliberación non estará presente a persoa que ostentase o cargo de persoa instrutora do expediente.

4. É o órgano encargado de emitir a resolución final do expediente, unha vez analizada toda a documentación, probas e a totalidade do expediente.
5. No caso de consideralo preciso, poderá realizar todas cantas accións complementarias considere necesarias para o esclarecemento dos feitos.
6. Os acordos tomaranse por maioría simple dos integrantes.

ARTIGO 13. INIBICIÓN, ABSTENCIÓN Y RECUSACIÓN

1. No caso de que a denuncia se dirixa contra calquera dos membros integrantes do Órgano Responsable do Canal de Denuncias , ou no caso de concorrer calquera circunstancia que xere un conflito de interese con algunha delas, esta persoa ou persoas absteranse de intervir en calquera fase do proceso de investigación dos feitos denunciados pola persoa informate, así como de tomar calquera tipo de decisión en relación á mesma.
2. A modo exemplificativo, poderían ser causa de conflito de intereses as seguintes causa:
 - a. Ter interese persoal no asunto de que se trate ou en outro cuxa resolución puidera influír a de aquel.
 - b. Ter asunto litixioso pendente con algunha persoa interesada.
 - c. Ter vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable.
 - d. Ter parentesco de consanguinidade dentro do segundo grado ou de afinidade dentro do primeiro, con calquera das persoas interesadas.
 - e. A totalidade de integrantes do Órgano Responsable do Canal de Denuncias teñen o deber de gardar a máis absoluta confidencialidade en relación a calquera denuncia que, recibida, sexa ou non desestimada, no referente á persoa denunciante e a persoa denunciada, absténdose de promover calquera tipo de represalia a calquera das partes.

ARTIGO 14.- MEDIOS PARA A REALIZACIÓN DAS COMUNICACIÓNS

1. De conformidade co previsto no artigo 7 da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais as persoas informantes poderán realizar as denuncias por escrito ou verbalmente.
2. As comunicacións por escrito ao Ceesg poderán realizarse:
 - a. Por correo electrónico dirixido á dirección de correo electrónico denunciasinternas@ceesg.gal
 - b. Por medio de formulario habilitado a tal efecto na páxina web de <https://ceesg.gal/>
 - c. Por correo postal dirixido ao xestor do Canal de Denuncias enviado á dirección Rúa Lisboa Nº20 baixo C, 15707, Santiago de Compostela, A Coruña.

Tanto si a comunicación se realiza por correo electrónico como por correo postal as persoas informantes deberán usar o modelo de comunicación que se adxunto como anexo I, e que estará dispoñible na web do Ceesg.
3. As comunicacións verbais poderán realizarse:
 - a. Por vía telefónica chamando ao número de teléfono 981552206 e solicitando dirixirse ao Xestor do Canal de Denuncias.
 - b. Por medio de aplicacións de mensaxeira instantánea ou videoconferencia.
4. A solicitude da persoa informante as comunicacións poderanse realizar por medio de reunión presencial coa persoa xestora do Canal de Denuncias do Ceesg, reunión que se realizará nun prazo non superior a 7 días dende a solicitude da persoa informante.

5. En todo caso as comunicacións verbais deberán quedar documentadas, previo consentimento da persoa informante, dalgún dos seguintes modos:
 - a. Gravación da conversa nun formato seguro, duradeiro e accesible.
 - b. Transcrición completa e exacta da conversa, ou mensaxe, mantida entre a persoa informante e a persoa xestora do Canal Denuncia. Neste caso, ofrecerase á persoa informante á oportunidade de comprobar, rectificar e aceptar mediante a súa firma a transcrición da conversa.
6. Asemade, as persoas informantes teñen a posibilidade de por en coñecemento das autoridades competentes e, no seu caso, ante as institucións, órgano e organismos da unión europea os feitos obxecto da súa denuncia.

ARTIGO 15.- MODO DE PRESENTACIÓN DE COMUNICACIÓNS

As persoas informantes poden decidir libremente si presentan a denuncia de forma anónima ou con identidade reservada (isto é, facendo constar os seus datos identificativos, pero sendo coñecedores de que os mesmos serán confidenciais en todo momento).

ARTIGO 16.- CONTIDO DA DENUNCIA

1. As denuncias presentadas a través dos medios do Sistema Interno de Comunicacións do Ceesg deberán conter, como mínimo, os seguintes extremos:
 - a. **Identidade de denunciado/a:** nome, apelidos, todos aqueles datos que permitan identificar á persoa denunciada, así como aqueles outros datos coñecidos pola persoa informante e que este considere de relevancia para a identificación do presunto infractor/a.
 - b. **Motivo da denuncia:** descrición de forma clara e detallada dos feitos ou circunstancias que constitúen, a criterio da persoa informante, un incumprimento ou irregularidade.

- c. **Evidencias concretas** que soporten os feitos denunciados: a persoa informante deberá por a disposición do Órgano Responsable do Canal de Denuncias todos aqueles medios de proba dos que dispoña que soporten os feitos denunciados.
2. Asemade, a persoa informante ao realizar a comunicación poderá indicar un domicilio, correo electrónico ou lugar seguro a efectos de recibir notificacións, podendo renunciar expresamente e en calquera momento á recepción de calquera comunicación de actuacións e/ou notificacións relativas á denuncia por el presentada.

ARTIGO 17.- REXISTRO DAS COMUNICACIÓNS

1. Recibida a comunicación a persoa xestora do Canal de Denuncias do Ceessg procederá ao seu rexistro no Sistema de información, asignándolle un Código de identificación, e procederá a acusar recibo de esta á persoa informante, nun prazo non superior a 5 días hábiles contados dende a data de recepción, salvo que:
 - a. A persoa informante houbera presentado a denuncia de forma anónima.
 - b. A persoa informante houbera renunciado a recibir comunicacións ou notificacións.
 - c. A persoa xestora do Canal de Denuncias considere de maneira razoable que o acuse de recibo da información comprometería á protección da identidade da persoa informante.
2. O Sistema de información estará contido nunha base de datos segura e de acceso restrinxido exclusivamente ao persoal do Ceessg debidamente autorizado.
3. No Sistema de Información rexistraranse a totalidade das comunicacións, cumprimentando os seguintes datos:
 - a. Data de recepción

- b. Código de identificación
 - c. Actuacións desenroladas
 - d. Medidas adoptadas
 - e. Data de peche ou finalización
4. No Sistema de Información quedará constancia de todos os trámites, actuacións e decisións adoptadas no proceso de investigación e dos feitos manifestados pola persoa informante.

ARTIGO 18.- COMPROBACIÓN DA COMUNICACIÓN

1. Rexistrada a comunicación, a persoa xestora do Canal de Denuncias do Ceesg realizará unha análise previa na que comprobará se a mesma se encadra dentro de ámbito de aplicación obxectivo e subxectivo establecido nos artigos 5 e 6 do presente regulamento; en caso de non encadrarse dentro do ámbito obxectivo e subxectivo a persoa xestora do Canal de Denuncias pode inadmitir a denuncia sen máis trámites e, no seu caso, remítela ao departamento, comisión ou órgano do Ceesg competente para coñecer e tramitar a mesma, deixando constancia en todo caso da inadmisión, xustificación da mesma e, no seu caso da remisión realizada.
2. Se do resultado da análise previa existisen indicios razoables sobre os feitos e a presunta comisión dunha infracción, a persoa xestora do Canal de Denuncias do Ceesg procederá a realizar unha segunda análise na que deberá comprobar se a mesma expón de forma clara e evidente os feitos constitutivos de infracción, irregularidade ou incumprimento da normativa vixente, (ou non), incluso dos compromisos recollidos no Código Ético, normas e procedementos fixados polo Ceesg.
3. En función do resultado de dita comprobación, a persoa xestora do Canal de Denuncias do Ceesg decidirá no prazo máximo de 10 días hábiles dende a data de rexistro da denuncia no sistema de información un dos seguintes acordos:

a. **Inadmitir a denuncia:** Por medio de resolución motivada, acordarase a inadmisión da denuncia cando:

I. Os feitos relatados na denuncia carezan de toda verosimilitude.

II. Os feitos denunciados non sexan constitutivos de infracción do ordenamento xurídico nin supoñan unha contravención do Código Ético nin vulneren as políticas, normas ou procedemento do Ceesg; ou incluso séndoo, non supoñan unha afectación real ao interese xeral ou ao correcto funcionamento do Ceesg.

III. A denuncia careza manifestamente de fundamento ou existen indicios racionais de haberse obtido de maneira ilícita.

IV. A denuncia sexa unha simple reprodución doutra anterior previamente inadmitida ou debidamente investigada.

A inadmisión será notificada á persoa informante no prazo de 5 días hábiles, salvo que a denuncia fora anónima ou a persoa informante renunciara a recibir comunicacións e/ou notificacións.

b. **Admitir a trámite a denuncia e nomeamento da persoa instrutora:** A persoa xestora do Canal de Denuncias do Ceesg deberá xustificar a súa decisión, nomear a Persoa instrutora, segundo o Regulamento de Funcionamento do Órgano Responsable do Canal de Denuncias do Ceesg e determinar si a denuncia debe ser tramitada de forma urxente.

A admisión a trámite da denuncia será notificada á persoa informante salvo que a denuncia fora anónima ou a persoa informante renunciara a recibir comunicacións e/ou notificacións.

ARTIGO 19.- PROCESO DE INVESTIGACIÓN: FASE DE INSTRUCCIÓN

1. Admitida a trámite a denuncia, o membro da Comisión de Ética nomeado pola persoa xestora do Canal de Denuncias , asumirá a instrución, procedendo á investigación dos feitos obxecto desta.

2. No proceso de investigación a Persoa instrutora realizará todas aquelas accións e consultas que considere necesarias encamiñadas ao esclarecemento da exactitude e veracidade da información recibida, así como a todas aquelas actuacións que considere precisas para o esclarecemento dos feitos.

3. Información á persoa denunciada:

a. A persoa instrutora poñerase en contacto coa persoa denunciada, identificándose como a persoa encargada da investigación da denuncia e informándolle sucintamente acerca dos feitos que se lle atribúen e dos principais fitos que se poden producir durante a investigación. Esta información poderá efectuarse no trámite de audiencia si se considera que a súa aportación con anterioridade pode facilitar destrución ou ocultación.

b. En ningún caso se notificará ás persoas investigadas a identidade da persoa informante nin se fará entrega da denuncia, todo isto en aras á protección da persoa informante.

c. Informarase á persoa denunciada da súa posibilidade de presentar alegacións por escrito, propoñer medios de proba e informaráselle do tratamento dos seus datos persoais.

4. Reunión coa persoa denunciada:

a. Sen prexuízo do dereito a formular alegacións por escrito, a fase de instrución comprenderá, sempre que sexa posible, una entrevista coa persoa denunciada na que, sempre con absoluto respecto á presunción de inocencia, se lle permitirá expor a súa versión dos feitos e aportar cantos medios de proba considere adecuados e pertinentes.

b. Asemade, a persoa denunciada ten dereito, en calquera momento, a ser escoitada, así como a ser asistida de avogado, si o considera adecuado e pertinente.

5. Dereito de acceso ao expediente

Coa finalidade de garantir o dereito de defensa da persoa denunciada, esta terá dereito ao expediente sen revelar información que puidera identificar á persoa informante.

ARTIGO 20.- FASE DE INSTRUCCIÓN: TRÁMITE DE AUDIENCIA

1. Na fase de instrución, darase trámite de audiencia a todas as persoas afectadas e testemuñas, e practícaranse cantas dilixencias e actuacións se estimen necesarias e pertinentes.
2. Todas as persoas empregadas e membros dos órganos directivos do Ceesg están obrigadas a prestar a colaboración requirida pola persoa instrutora. A súa intervención terá carácter estritamente confidencial.
3. Ao finalizar todas as entrevistas que a persoa instrutora considere necesarias, levantarase acta de cada reunión e recolleranse evidencias de todas as actuacións realizadas.
4. Durante todo o proceso manterase a absoluta confidencialidade que caracteriza ao Sistema Interno de Comunicacións do Ceesg e ao seu Canal de Denuncias.
5. O Órgano Responsable do Canal de Denuncias asumirá a custodia de todas e cada unha das evidencias que soporten as accións levadas a cabo, durante o tempo imprescindible para decidir sobre a procedencia de iniciar unha investigación sobre os feitos denunciados e, en calquera caso polo tempo máximo dacordo co establecido na lexislación vixente en materia de Protección de Datos de Carácter persoal.

ARTIGO 21.- FASE DE INSTRUCCIÓN: EMISIÓN DE INFORME

Concluídas as actuacións que a persoa instrutora considere precisas, previa consulta, no seu caso ao experto independente que poida asesorar ao Órgano Responsable do

Canal de Denuncias do Ceesg e a todos os seus integrantes, procederá a emisión dun informe dos procedementos realizados.

Este informe conterá a lo menos:

- a. Unha exposición dos feitos denunciados xunto co código de identificación da denuncia e data da súa recepción.
- b. A clasificación da denuncia como urxente a efectos de coñecer a súa prioridade ou non no seu tratamento.
- c. As actuacións realizadas co fin de esclarecer os feitos, a valoración das probas practicadas e os indicios obtidos.
- d. As conclusións da fase de instrucións, coa identificación da debilidade que, no seu caso, provocara a situación e proposta de plan de acción fronte a debilidade identificada.
- e. Asemade, se fora procedente, as deficiencias ou lagoas detectadas no plan antifraude e anticorrupción.

ARTIGO 22.- FINALIZACIÓN DO PROCEDEMENTO

1. Emitido o informe pola persoa instrutora do procedemento este será remitido á comisión de ética para a deliberación final.
2. Recibido o informe as persoas integrantes da Comisión de Ética (a excepción da persoa instrutora do procedemento) reuniranse e adoptarán algunha das seguintes decisións:
 - a. **Arquivo de expediente:** Será notificado á persoa informante (salvo que a denuncia sexa anónima ou que a persoa informante houbera renunciado a recibir comunicacións e/ou notificacións) e á persoa denunciada.
 - b. **Remisión ao Ministerio Fiscal:** no caso de apreciarse a existencia de comisión dun delito.

- c. **Remisión de la comunicación á autoridade, entidade ou organismo** que se considere competente para o coñecemento y tramitación de esta.
 - d. **Remisión da comunicación ao departamento, comisión ou órgano** do Ceesg con competencia para coñecer da mesma.
3. En todo caso, calquera das decisións adoptadas pola Comisión de Ética deberán ser notificadas á persoa informante (salvo que a denuncia sexa anónima ou que a persoa informante houbera renunciado a recibir comunicacións) e a persoa denunciada.

ARTIGO 23.- PRAZO PARA A FINALIZACIÓN DA INSTRUCCIÓN E EMISIÓN DA DECISIÓN FINAL

O Órgano Responsable do Canal de Denuncias deberá finalizar o proceso de instrución da denuncia presentada e emitir a decisión final no prazo de tres meses contados dende a data de acuse de recibo da comunicación a persoa informante ou, se non se remitiu acuse de recibo por algunha das causas previstas no presente regulamento, tres meses a contar dende o vencemento do prazo de 7 días para efectuar o acuse de recibo.

ARTIGO 24.- OBRIGAS DO CEESG EN RELACIÓN AO SISTEMA INTERNO DE COMUNICACIÓNSS

O Ceesg como suxeito obrigado ao establecemento dun Sistema Interno de Comunicacións de conformidade co previsto na Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción está obrigada a:

- a. Dispor de un Sistema Interno de Comunicacións.
- b. Proporcionar información adecuada e de forma clara e facilmente accesible, sobre o uso do Sistema Interno de Comunicación, e do Canal

de Denuncias, así como sobre os principios esenciais do procedemento de xestión.

- c. Dispor de un libro rexistro das informacións recibidas e das investigacións internas as que houberan dado lugar.
- d. Garantir os requisitos de confidencialidade previstos na Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.
- e. Non facer público o rexistro.

ARTIGO 25.- TRATAMENTO DE DATOS PERSONALES

1. O tratamento dos datos persoais que o Ceesg recolla como consecuencia da presentación, xestión, tramitación, investigación e, no seu caso, da presentación de denuncias rexerese polo disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garante dos Dereitos Dixitais, na Lei 7/2021, de 26 de maio, de protección de datos persoais tratados para fins de prevención, detección, investigación e axuízamento de infraccións penais e execución de sancións penais e no presente regulamento.
2. O Ceesg, en relación con datos recollidos a través do Sistema Interno de Comunicacions, terá a consideración de Responsable do Tratamento.
3. Asemade, o Ceesg non recollerá datos persoais cuxa pertinencia non resulte manifesta para tratar unha información específica ou, de recompilarse por erro, eliminaranse sen dilación indebida.
4. Cando os datos se obteñan directamente das persoas interesadas facilitaráselles, en cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679:

- a. A identidade do Responsable do Tratamento e do seu representante, así como do Delegado de Protección de Datos, no seu caso.
- b. Finalidade do tratamento.
- c. A posibilidade de exercer os dereitos establecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/649.
- d. Unha dirección electrónica ou outro medio a través do cal exercer os seus dereitos.

ARTIGO 26. TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS NO SISTEMA INTERNO DE COMUNICACIÓNS

1. O acceso aos datos persoais contidos no Sistema Interno de Comunicacións do Ceesg quedará limitado dentro do ámbito das súas competencias e funcións, exclusivamente a:
 - a. Ao Órgano Responsable de Canal de Denuncias e as súas persoas integrantes debidamente nomeadas.
 - b. A persoa responsable de recursos humanos ou o órgano competente debidamente designado, solo cando puidera proceder a adopción de medidas disciplinarias contra unha persoa traballadora. No caso de empregados públicos, o órgano competente para a tramitación deste.
 - c. A persoa responsable dos servizos xurídicos do Ceesg ou organismo, si procedera a adopción de medidas legais en relación cos feitos relatados na comunicación.
 - d. As persoas encargadas do tratamento que eventualmente se designen.
 - e. O Delegado de Protección de datos, no seu caso.
2. Será lícito o tratamento dos datos por outras persoas, ou incluso a súa comunicación a terceiras persoas, cando resulte preciso a adopción de medidas

correctoras no Ceesg ou a tramitación dos procedementos sancionadores ou penais que, no seu caso, procedan.

3. En ningún caso serán obxecto de tratamento os datos persoais que non sexan precisos para o coñecemento e investigación das accións ou omisións as que se refire o refire el presente Regulamento, procedéndose, no seu caso, a súa inmediata supresión. Asemade, suprimiranse todos aqueles datos persoais que se puideran haber comunicado e que se refiran a condutas que non esteen incluídas no ámbito de aplicación obxectivo e subxectivo previsto nos artigos 5 e 6 do presente Regulamento.
4. Se a información recibida contivera datos persoais incluídos dentro das categorías especiais de datos, procederase a súa inmediata supresión, sen que se proceda ao rexistro e tratamento destes.
5. Os datos que sexan obxecto de tratamento poderán conservarse no Sistema de Información soamente durante o tempo imprescindible para decidir sobre a procedencia de iniciar unha investigación sobre os feitos informados.
6. Si se acreditara que a información facilitada ou parte da persoa informante non é veraz, deberá procederse a súa inmediata supresión dende o momento no que se teña constancia de dita circunstancia, salvo que dita falta de veracidade poida constituír un ilícito penal, en cuxo caso se conservará a información polo tempo necesario durante o que se tramite o procedemento xudicial.
7. En todo caso, transcorridos tres meses dende a recepción da comunicación sen que se houberen iniciado actuacións de investigación, deberá procederse a súa supresión, salvo que a finalidade da conservación sexa deixar evidencia do funcionamento do sistema.
8. As comunicacións non cursadas soamente poderán constar de forma anonimizada, sen que sexa de aplicación a obriga de bloqueo prevista no artigo 32 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Para todo o non previsto no presente regulamento será de aplicación a normativa vixente, e en especial a Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor o 26 de xaneiro de 2024.



ANEXO I



MODELOS DE DENUNCIA NON ANÓNIMA

Nome (OPCIONAL)

Apelidos (OPCIONAL)

NIF (OPCIONAL)

Enderezo (OPCIONAL)

Teléfono (OPCIONAL)

Código Postal (OPCIONAL)

Localidade (OPCIONAL)

Concello (OPCIONAL)

Provincia (OPCIONAL)

Correo electrónico (OPCIONAL)

Relación co Ceesg (OBLIGATORIO)-

- Empregada/o
- Antiga/o Empregada/o
- Persoa Colexiada
- Persoa Colexiada
- Estudante "amiga/o do Ceesg"
- Proveedor
- Contrata/subcontrata
- Estudiantes en prácticas/Persoal con beca
- ETT
- Outros indicar: _____

Descrición dos FEITOS que se denuncian. Por favor, facilite e achege a maior cantidade de detalles posible para unha mellor análise e resolución da Denuncia (por exemplo., que ocorreu? que se dixo ou fixo?, cando foi? Onde? etc.). Tómese o seu tempo..



Existen testemuñas directas dos feitos denunciados ou outras persoas de dentro ou fóra do Ceesg que poidan achegar información adicional, corroborar ou dar máis detalles sobre os devanditos feitos? (OBRIGATORIO)

- SI
- NON.

En caso afirmativo, se se coñecen e desexa, indicar a súa identidade, para que, no seu caso, se lles poida contactar.

¿Presentouse xa algunha denuncia a través de calquera outra canle (xudicial, administrativo, policial ou ante calquera outra autoridade ou entidade pública)? (OBRIGATORIO).

SI

NON.

En caso afirmativo, indicar a data de presentación e a autoridade ou entidade pública ante a que se reportaron os feitos.

Se dispón de documentos, evidencias, comunicacións ou outras probas lícitamente obtidas dos feitos denunciados, por favor, achégueos.

¿Quere recibir información sobre a instrución e resolución da denuncia?

SI

NON.

En caso afirmativo, indique o medio polo que desexa recibir información e comunicacións

Consinto o tratamento dos meus datos nos termos abaixo indicados, coa finalidade de xestionar a miña solicitude, e confirmo ter lido e aceptada a Política de Privacidade.

En _____ a _____ de _____ de 2023

Información básica sobre protección de datos de carácter persoal	
Responsable	Identidade: Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia/ CIF: Q1500270B Enderezo: Rúa Lisboa 20 baixo C, 15707, Santiago de Compostela, A Coruña Teléfono: 981552206/ Correo electrónico: ceesg@ceesg.gal DPO: Cecilia Barros Díaz / Email: dpo@protexdat.com
Finalidades	Recepción, rexistro e no seu caso tramitación das denuncias presentadas pola canle denuncias da entidade, ou por calquera dos medios de internos de información.
Lexitimación	RGPD: art. 6.1. Consentimento do interesado, execución dun contrato, tratamento necesario para o cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento. Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e garantías dos dereitos dixitais. Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción .
Colectivo	Informante e persoas denunciadas
Categorías de Datos	Datos identificativos da persoa denunciante (opcional): nome e apelidos, dirección, dirección de correo electrónico, teléfono; relación coa entidade, datos relativos á denuncia presentada, data e firma (opcional).
Cesións	Non se cederán os datos a terceiros, salvo o seu consentimento expreso ou as excepcións legais.
Dereitos	Acceso, rectificación, supresión e dereito ao esquecemento, limitación do tratamento, portabilidade, oposición, reclamación ante a AEPD e non ser obxecto de elaboración de perfís . Dereito a revocar o consentimento prestado.
+ Info	En calquera momento nas nosas instalacións.

MODELO DE DENUNCIA ANÓNIMA

Relación co Ceesg (OBLIGATORIO)-

- Empregada/o
- Antiga/o Empregada/o
- Persoa Colexiada
- Persoa Colexiada
- Estudante “amiga/o do Ceesg”
- Proveedor
- Contrata/subcontrata
- Estudiantes en prácticas/Persoal con beca
- ETT
- Outros indicar: _____

Descrición dos FEITOS que se denuncian. Por favor, facilite e achege a maior cantidade de detalles posible para unha mellor análise e resolución da Denuncia (por exemplo., que ocorreu? que se dixo ou fixo?, cando foi? Onde? etc.). Tómese o seu tempo..



Existen testemuñas directas dos feitos denunciados ou outras persoas de dentro ou fóra do Ceesg que poidan achegar información adicional, corroborar ou dar máis detalles sobre os devanditos feitos? (OBRIGATORIO)

- SI
 NON.


En caso afirmativo, se se coñecen e desexa, indicar a súa identidade, para que, no seu caso, se lles poida contactar.



¿Presentouse xa algunha denuncia a través de calquera outra canle (xudicial, administrativo, policial ou ante calquera outra autoridade ou entidade pública)? (OBRIGATORIO).

- SI
 NON.

En caso afirmativo, indicar a data de presentación e a autoridade ou entidade pública ante a que se reportaron os feitos.



Se dispón de documentos, evidencias, comunicacións ou outras probas lícitamente obtidas dos feitos denunciados, por favor, achégueos.

¿Quere recibir información sobre a instrución e resolución da denuncia?

- SI
 NON.

Debe recordar que vostede solicitou presentar a denuncia de maneira anónima, solicitar recibir información sobre a instrución e resolución da denuncia e sobre todo o medio polo que solicita recibir dita información pode constituír unha perda do anonimato solicitado; polo tanto debe ser consciente de que a inserción dun medio de comunicación (correo electrónico, teléfono de contacto ou dirección) pode permitir a súa identificación.

Se pese ao anterior vostede desexa recibir comunicacións sobre a tramitación do procedemento debe ser coñecedor que os seus datos serán confidenciais durante a íntegra tramitación do mesmo.

En caso afirmativo, indique o medio polo que desexa recibir información e comunicacións

Consinto o tratamento dos meus datos nos termos abaixo indicados, coa finalidade de xestionar a miña solicitude, e confirmo ter lido e aceptada a Política de Privacidade.

En _____ a _____ de _____ de 2023

Información básica sobre protección de datos de carácter persoal	
Responsable	Identidade: Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia/ CIF: Q1500270B Enderezo: Rúa Lisboa 20 baixo C, 15707, Santiago de Compostela, A Coruña Teléfono: 981552206/ Correo electrónico: ceesg@ceesg.gal DPO: Cecilia Barros Díaz / Email: dpo@protexdat.com
Finalidades	Recepción, rexistro e no seu caso tramitación das denuncias presentadas pola canle denuncias da entidade, ou por calquera dos medios de internos de información.
Lexitimación	RGPD: art. 6.1. Consentimento do interesado, execución dun contrato, tratamento necesario para o cumprimento dunha obrigaación legal aplicable ao responsable do tratamento. Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e garantías dos dereitos dixitais. Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción .
Colectivo	Persoas denunciadas
Categorías de Datos	relación co Ceesg, datos relativos á denuncia presentada, Datos de comunicación (opcional): medio polo que solicita recibir información sobre a instrución e tramitación da denuncia
Cesións	Non se cederán os datos a terceiros, salvo o seu consentimento expreso ou as excepcións legais.
Dereitos	Acceso, rectificación, supresión e dereito ao esquecemento, limitación do tratamento, portabilidade, oposición, reclamación ante a AEPD e non ser obxecto de elaboración de perfís . Dereito a revocar o consentimento prestado.
+ Info	En calquera momento nas nosas instalacións.